

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN 2026

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Lalín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o concello para o apoio á celebración da Feira do Cocido de Lalín.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.



**Segundo.-** Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

**Terceiro.-** O Concello de Lalín ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Feira do Cocido de Lalín.

**Cuarto.-** A Feira do Cocido foi declarada no ano 1999 "Festa de Interese Turístico de Galicia", no 2010 "Festa de Interese Turístico Nacional" e no ano 2020, acada o máximo recoñecemento que se pode alcanzar no seu ámbito, sendo a primeira festa gastronómica que consegue ser nomeada "Feira de Interese Turístico Internacional" en todo o Estado.

Estes recoñecementos poñen de manifesto a extraordinaria difusión da que goza a Feira do Cocido na actualidade, un evento que atrae cada ano a máis visitantes e que inclúe unha grande variedade de actividades gastronómicas, lúdicas e festivas.

Unha festa que atrae moita xente durante o propio día da Feira do Cocido e que suma máis visitantes durante o Mes do Cocido o que supón, un importante motor turístico e de ocio para o Concello de Lalín, factores que redundan no crecemento socioeconómico da nosa vila. Á vista desta importante repercusión, desde o



Concello colabórase na implantación de sinerxías favorables á difusión deste evento.

Este ano os días grandes da LVIII Edición da Feira do Cocido teñen lugar o 7 e 8 de febreiro, como é propio da Feira, posto que sempre se celebra a fin de semana antes do Entroido. Estas xornadas convértense na culminación de máis dun mes de actividades en torno a este prato senlleiro da cociña galega. Un mes que comeza o 15 de xaneiro e remata o 14 de febreiro.

Aínda así, as actividades vinculadas co cocido, continúan ata abril aproximadamente, exceptuando que a partir do propio mes do cocido, non se contará coa gran carpa no campo da feira.

Estas actividades inclúen unha ampla variedade de eventos, entre os que destacan os seguintes:

1. V Feira Internacional de Apicultura de Lalín "ALVARIZA"

2. DIVERCOCIDO 2026

3. XXVI Matanza Tradicional do Porco

4. LVIII Feira do Cocido de Lalín

5. XXX Rally do Cocido 2026

6. VIII Xuntanza de Impala Galega

7. XVI Carreira do Cocido

8. Motococido 2026 – Concentración Motora Internacional

9. XXXVI Feira do Cabalo

10. Gala do Cocido de Lalín

11. Premios Álvaro Cunqueiro

**Quinto.-** Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de



convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Lalín unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

